

# La Fuerza Simulada

## Judith Adataberna

A exposición "**La fuerza simulada**" de **Judith Adataberna**, comisariada por Eduardo Valiña, permanecerá aberta, nas salas 4 e 5 da primeira planta, ata o 28 de setembro.

Judith Adataberna constrúe dende un universo interdisciplinar que discorre pola experimentación a través do cinema, as vídeo instalacións, a fotografía e outro tipo de soportes, un terreo híbrido que supón unha das apostas máis orixinais e diferentes do panorama contemporáneo.

Graduada en Belas Artes, ampliou a súa formación cunha beca no Laboratorio Audiovisual de Creación y Práctica Contemporánea (LAV) de Madrid. Influída fortemente polo contexto co que mantén unha relación intrínseca, parte dunha profunda observación da natureza e os seus fenómenos a través da paisaxe e a relación do individuo co medio, uns conceptos que proveñen dunha infancia marcada pola conexión familiar co entorno.

Na súa traxectoria desenvolve un especial interese pola psicoloxía e os misterios da conciencia, que resultará esencial para crear obras que desafían as escalas e as marxes da percepción. A introspección será o punto de partida onde ofertar perspectivas variadas e reflexivas a través da busca do universal dende o persoal. Por este motivo, na súa obra sempre se manifestou unha constante necesidade de desafiar a concepción hexemónica da realidade, creando proximidades entre a visión onírica e a especulativa da ciencia. Entre o cine estrutural e a linguaxe do videoxogo, propón "cámaras-corpo" que ensaian sobre posibles "modelos e simulacións" de realidades, buscando os espazos liminais da conciencia e a propiocepción a través do alucinatorio.

Paralelamente traballou como directora, facendo videoclips, fashion films, fotografía ou A/V para músicos e deseñadores como Ruberth, Cruhda ou Caamaño Ameixeiras, cos que tamén colaborou como directora de arte e vestuario.

La exposición "**La fuerza simulada**" de **Judith Adataberna**, comisariada por Eduardo Valiña, permanecerá aberta, en las salas 4 y 5 de la primera planta, hasta el 28 de septiembre.

**Judith Adataberna** construye desde un universo interdisciplinar que discurre por la experimentación a través del cine, las vídeo instalaciones, la fotografía y otro tipo de soportes, un terreno híbrido que supone una de las apuestas más originales y diferentes del panorama contemporáneo.

Graduada en Bellas Artes, amplió su formación con una beca en el Laboratorio Audiovisual de Creación y Práctica Contemporánea (LAV) de Madrid. Influida fuertemente por el contexto con el que mantiene una relación intrínseca, parte de una profunda observación de la naturaleza y sus fenómenos a través del paisaje y la relación del individuo con el medio, unos conceptos que provienen de una infancia marcada por la conexión familiar con el entorno.

En su trayectoria desarrolla un especial interés por la psicología y los misterios de la conciencia, que resultará esencial para crear obras que desafían las escalas y los márgenes de la percepción. La introspección será el punto de partida donde ofertar perspectivas variadas y reflexivas a través de la búsqueda de lo universal desde lo personal. Por este motivo, en su obra siempre se manifestó una constante necesidad de desafiar la concepción hegemónica de la realidad, creando proximidades entre la visión onírica y especulativa de la ciencia. Entre el cine estructural y el lenguaje del videojuego, propone "cámaras-cuerpo" que ensayan sobre posibles "modelos y simulaciones" de realidades, buscando los espacios liminales de la conciencia y la propiocepción a través de lo alucinatorio.

Paralelamente trabajó como directora, haciendo videoclips, fashion films, fotografía o A/V para músicos y diseñadores como Ruberth, Cruhda ou Caamaño Ameixeiras, con quienes también colaboró como director de arte y vestuario.

As súas propostas mergúllannos nun universo fantástico e cheo de vida, poboado de seres que van dende insectos ata unha variada gama vexetal, para trasladarnos a través dunha mitoloxía que transforma a nosa visión da vida, dende unha perspectiva que cuestiona diferentes hábitos dende o noso proceso vital.

O seu traballo formou parte de festivais como *Curtocircuito*, *Playdoc*, *Filmadrid*, *Bendita Tú e Intersección*; realizou exposicións na SÍM Gallery (Reykjavik), Venice Art Projects (Venecia), Espacio Tangente (Burgos), Galería Chiquita Room, Instituto Cervantes, Injuve: "Silencio de los grandes Troncos", La Casa Encendida "Fuego en la habitación", "Invocations vol. I"- Macba, Loop Festival-, "D'un rastre com un tall" (Barcelona) ou recentemente "Norte Agreste Silvestre" na Galería Municipal de Oporto, Leira Haus (Lugo) ou no LEV Matadero Madrid, entre outros. Por outra banda a súa obra *Inside the Microtubule* foi galardoada no Festival Intersección da Coruña no 2020, e recoñecida co Premio "A Colectiva" e o "Premio Numax á Exhibición", ambos na Sección Galicia. Tamén obtivo o "Premio Agag" ao mellor guión pola peza *Memoria de Emerxencia* no INTERSECCIÓN LAB, espazo de impulso á creación de proxectos audiovisuais en A Coruña.

As obras que conforman esta exposición exploran a fronteira entre o mundo tecnolóxico e o natural, creando escenarios virtuais e íntimos que nos somerxen a través da percepción e a influencia da luz na vida e a supervivencia entre especies e como o devir tecnolóxico engadiu unha relectura sobre o transhumanismo e o desenvolvemento afectivo coas máquinas que nos rodean. Un dispositivo que reflexiona como a virtualización da natureza nos afecta e distancia da realidade, minguando os instintos, cada vez máis adormecidos.

Dende unha posición crítica postulouse un descoñecemento do hábitat en relación ao entorno natural dende unha visión global de Galicia. Os dispositivos tentan transmitir unha intuición do carácter misterioso do entorno material. Nunha mestura do máxico co virtual e íntimo a artista propón unha exploración dende o humano e o seu contexto, fusionando natureza, mundo interior e artificialidade, e explorando novas fórmulas sensibles na percepción do entorno. A cámara convértese nunha ferramenta fundamental de activismo transmitindo unha intuición de carácter misterioso sen revelar nunca o segredo. A artista é consciente das nosas sospeitas máis imaxinativas e móstranolas sen dar respostas claras, mirando de esguello, e, sobre todo, dende dentro.

Sus propuestas nos sumergen en un universo fantástico y lleno de vida, poblado de seres que van desde insectos hasta una variada gama vegetal, para trasladarnos a través de una mitología que transforma nuestra visión de la vida, desde una perspectiva que cuestiona diferentes hábitos desde nuestro proceso vital.

Su trabajo formó parte de festivales como *Curtocircuito*, *Playdoc*, *Filmadrid*, *Bendita Tú e Intersección*; realizó exposiciones en las SÍM Gallery (Reykjavik), Venice Art Projects (Venecia), Espacio Tangente (Burgos), Galería Chiquita Room, Instituto Cervantes, Injuve: "Silencio de los grandes Troncos", La Casa Encendida "Fuego en la habitación", "Invocations vol. I"- Macba, Loop Festival- 'D'un rastre com un tall (Barcelona) o recientemente "Norte Agreste Silvestre" na Galería Municipal de Oporto, Leira Haus (Lugo) o en LEV Matadero Madrid, entre otros. Por otra banda su obra *Inside the Microtubule* fue galardonada en el Festival Intersección de A Coruña en 2020, y reconocida con el Premio "A Colectiva" y el "Premio Numax á Exhibición", ambos en la Sección Galicia. También obtuvo el "Premio Agag" al mejor guión por la pieza *Memoria de Emerxencia* en INTERSECCIÓN LAB, espacio de impulso a la creación de proyectos audiovisuales en A Coruña.

Las obras que forman esta exposición exploran la frontera entre el mundo tecnológico y el natural, creando escenarios virtuales e íntimos que nos sumergen a través de la percepción y la influencia de la luz en la vida y la supervivencia entre especies y como el devenir tecnológico añadió una relectura sobre el transhumanismo y el desarrollo afectivo con las máquinas que nos rodean. Un dispositivo que reflexiona como la virtualización de la naturaleza nos afecta y distancia de la realidad, mermando los instintos, cada vez más adormecidos.

Desde una posición crítica se postula un desconocimiento del hábitat en relación al entorno natural desde una visión global de Galicia. Los dispositivos intentan transmitir una intuición del carácter misterioso del entorno material. En una mezcla de lo mágico con lo virtual e íntimo la artista plantea una exploración desde lo humano y su contexto, fusionando naturaleza, mundo interior y artificialidad, y explorando nuevas fórmulas sensibles en la percepción del entorno. La cámara se convierte en una herramienta fundamental de activismo transmitiendo una intuición de carácter misterioso sin revelar nunca el secreto. La artista es consciente de nuestras sospechas más imaginativas y nos las muestra sin dar respuestas claras, mirando de reajo, y, sobre todo, desde dentro.